

ACTA Nº 18-2011
DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO
MUNICIPAL
- DIA 24 DE NOVEMBRO DE 2011 -

Marxe que se cita:

ASISTENTES

Presidente: -ADOLFO F. MUIÑOS
SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)
XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)
Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)
CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)
JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)
Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)
SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)
ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)
Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)
JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)
Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)
JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP)
ELISA BOUZAS VICENTE (PP)
ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)
JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG)

Concelleiros ausentes:

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Mª Belén Rodríguez Tourón

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:00 horas** reúnen os/as Concelleiros/as electos/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión ordinaria.

Constatada a presenza de todos os membros corporativos e polo tanto a existencia de quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDEN DO DÍA:

- 1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES:
Nº 16 EXTRAORDINARIO 24/10/2011.-
Nº 17 ORDINARIO 27/10/2011.-
- 2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.
- 3º.- DACION DE CONTA DO INFORME CONXUNTO DA INTERVENCIÓN E DA TESOURERIA PREVISTO NO ARTIGO 4º E 5º DA LEI 15/2010, DE 05 DE XUÑO.-
- 4º.- SOLICITUDE LINEA ICO PREVISTA NO RDL 8/2011.-
- 5º.- ELEVACIÓN DE PORCENTAXES PREVISTOS NO ARTIGO 174.3 DO TRLRFL PARA ADOPTAR COMPROMISOS PLURIANUAIS DE GASTO POR CONCESIÓNS DE ACHEGAS RESPECTO DA ARI.-
- 6º.- MOCIONS DE URXENCIA.
- 7º.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES:

Acta Nº 16 Sesión extraordinaria do día 24 de outubro de 2011.

A Presidencia preguntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes.-

Acta Nº 17 Sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2011.

A Presidencia pregúntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes.-

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.-

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01 de outubro de 2011 ata o 31 de outubro de 2011, que comprenden os números 1226/2011 ao 1277/2011.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación:

- Acta Nº 21 Sesión ordinaria do día 11 de outubro de 2011.
- Acta Nº 22 Sesión extraordinaria do día 27 de outubro de 2011.
- Acta Nº 23 Sesión ordinaria do día 08 de novembro de 2011.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- DACION DE CONTA DO INFORME CONXUNTO DA INTERVENCIÓN E DA TESOURERÍA PREVISTO NO ARTIGO 4º E 5º DA LEI 15/2010, DE 05 DE XUÑO.

O Sr.Alcalde da conta do informe conxunto emitido pola Intervención e Tesourería municipal o día 18 de novembro de 2011, cuxo contido é o que segue:

“INFORME DE TESOURERÍA E INTERVENCIÓN

Asunto: Informe emitido en cumprimento das obrigas previstas na **Lei 15/2010**, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen **medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais**.

1.- LEXISLACIÓN APLICABLE :

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

2.- ANTECEDENTES:

- Rexistros das facturas no rexistro que leva a intervención municipal de facturas como control para a súa contabilización.

- Contabilidade municipal

3.- INFORME :

PRIMEIRO.- Tendo en conta que a Lei 15/2010, de 5 de xullo, entrou en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOE (data de publicación 06/07/2010) en virtude da Disposición transitoria primeira da Lei, que establece que "esta Lei será de aplicación a todos os contratos celebrados con posterioridade a súa entrada en vigor", entenderíase que, as facturas rexistradas con anterioridade ao 7 de xullo dese ano non se verían afectadas polas disposicións que se atopan na mencionada lei.

SEGUNDO.- De acordo co previsto no artigo 4.3. da Lei 15/2010 os Tesoureiros o, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesa Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo

TERCEIRO.- Por outra banda, a periodicidade coa que se debe dar a información é trimestral, en principio o trimestre cumprese respecto ao último informe o 6 de xullo, pero por razóns de operatividade, esta tesourería e intervención optan por dar información trimestral, facendo coincidir esta cos trimestres naturais do ano, desta forma, o período deste informe remataría o 30 de setembro.

Cuarto.- Debe advertirse que as facturas en moitos casos non presentan rexistro de entrada no concello o que imposibilita á intervención coñecer a data de presentación por parte do contratista nas dependencias municipais. Así mesmo, faise constar que de conformidade co artigo terceiro, apartado tres, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas será dentro dos cincuenta e cinco días seguintes á data de expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato, sendo este prazo de cincuenta días dende o 1 de xaneiro de 2011. Faise constar que, de conformidade coa interpretación da Xunta consultiva de contratación, o inicio do prazo é a data de expedición das certificacións ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato sempre que o contratista tivera expedido e entregado a factura antes do acto formal de recepción de conformidade, en caso contrario iníciase a partir da data de recepción de dita factura. Por esta razón, salvo que no expediente de contratación conste outra data da que poida ter coñecemento esta tesourería ou intervención, tómase coma data de referencia para calcular a morosidade a data de rexistro da correspondente factura no rexistro ao que se refire o artigo 5 da Lei 15/2010.

Quinto.- Baixo as premisas anteriores, e consultadas as obrigas pagadas e pendentes de pago na contabilidade municipal á data de 30/09/2011 (incluíndose o día de remate do trimestre), procede a reflectirse os datos solicitados polo Ministerio de Economía e Facenda nos seguintes apartados:

a) pagos realizados no trimestre

PAGOS REALIZADOS NO TRIMESTRE	PMP (días)	PMPE (días)	En plazo		Fuera de plazo	
			Nº pagos Importe	Nº pagos Importe		
20. Arrendamentos e cánones	36,0275	85,9432	20	65.887,81 €	10,00	9.586,47 €
21. Rep. Manten. e conservación	241,8709	198,7744	19	5.938,96 €	281,00	109.872,65 €
22. Material, subministro e outros	214,6303	185,2273	171	45.323,40 €	797,00	391.872,14 €
23. Indemnización por razón de servicio	0	0	0	0,00 €	0	0,00 €
24. Gastos publicacións	0	0	0	0,00 €	0	0,00 €
26. Trab realizados por institucións sen fins de lucro	0	0	0	0,00 €	0	0,00 €
27. Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0	0	0	0,00 €	0	0,00 €
2. sen desagregar	0	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Gasto corrente pendente de aplicar ao orzamento	0	0	0	0,00 €	0	0,00 €
Inversións reais aplicadas ao orzamento (cap 6)	162,5537	110,4021	0	0,00 €	5	29.583,23 €
			TOTAIS	210 117.150,17 €	1093	540.914,49 €

a) Xuros de demora pagados no trimestre

Xuros de demora pagados no trimestre	Xuros de demora pagados no trimestre	
	nº de pagos	Importe total xuros
Gasto corrente en bens e servicios	0	0,00 €

Inversións reais	0	0,00 €
Outros pagos realizados por operacións comerciais sen desagregar	0	0,00 €
TOTAL	0	0,00 €

a) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTRE <input type="checkbox"/>	PMPP (días) <input type="checkbox"/>	PMPPE (días) <input type="checkbox"/>	DENTRO PERIODO LEGAL DE PLAZO AO FINAL DO TRIMESTRE		FORA PERIODO LEGAL DE PLAZO AO FINAL DO TRIMESTRE	
			Nº operacións	Importe	Nº operacións	Importe
20. Arrendamentos e cánones	36,5929	94,7391	8	25.151,82 €	11	8.334,32 €
21. Rep. Mantén. e conservación	120,9562	74,4405	29	6.672,01 €	313	217.006,70 €
22. Material, subministro e outros	108,6111	92,5488	259	148.755,79 €	683	394.652,87 €
23. Indemnización por razón de servizo	0,0000	0,0000	0	0,00 €	0	0,00 €
24. Gastos publicacións	190,0000	140,0000	0	0,00 €	1	1.731,38 €
26. Trab. realizados por institucións sen fins de lucro	0,0000	0,0000	0	0,00 €	0	0,00 €
27. Gastos imprevistos e funcións non clasificadas	0,0000	0,0000	0	0,00 €	0	0,00 €
2. sen desagregar	0,0000	0,0000	0	0,00 €	0	0,00 €
Inversións reais	185,5847	171,4569	6	132.769,58 €	9	572.937,20 €
TOTALS			302	313.349,20 €	1017	1.194.662,47 €

Sexto.- O apartado cuarto do artigo 5º da Lei 15/2010, de 5 de xullo, establece que a Intervención incorporará unha relación das facturas ou documentos xustificativos emitidos polos contratistas a efectos de xustificar as prestacións realizadas por estes, con respecto aos cales transcorreran máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro contable e para os que non se tramitara o correspondente expediente de recoñecemento de obrigas, ou se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación destes, ao informe trimestral ao Pleno que elabora o Tesoureiro sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local.

Sétimo.- De acordo co punto anterior do informe incorpóranse ao presente, pola intervención, as facturas ou documentos xustificativos para os que transcorreron máis de tres meses dende a súa anotación no citado rexistro sen que, a 30/09/2011, se tramitasen os correspondentes expedientes de recoñecemento de obrigas ou sen que se xustificase polo órgano xestor a ausencia da súa tramitación. Advírtese por esta intervención que o programa contable entende que deben pasar tres meses dende a data posterior entre a data de alta no rexistro de facturas e a data de conformidade coa prestación a que se refira. Por tanto baixo estas premisas a relación de facturas concétnase nas seguintes:

	Nº Fact	NºReg.	Proveedor y Concepto	Importe
1	003287	483	Casa Isolina, S.L. Comida interventor e concelleira Sonia Castaño	79,50 €
2	003320	890	Casa Isolina, S.L. Cea cos alemáns o día 07-04-2011	175,00 €
3	01/0000440	900	Parrillada O Barbanza (Mª Jose Figueira Perez) Comida Protección Civil o día 13-04-2011	67,20 €
4	204626	933	Cafetería Marisquería A Pontella (Perfecto Gomez Laiño) Comida Sonia Castaño e Juan J. Vidal Vilanova	30,50 €
5	1/2011	1114	Carmen Vicente Tubio Aluguer finca aparcadero Praia Cunchas verán 2011	1.204,08 €
6	09547	1274	Restaurante Feliciano (Manuel Rial Carou) Comida Sr. Alcalde e outros o 10-03-2011	55,60 €
7	A/20110068	1452	Martin Rañó Resúa Bandeirolas ARI Licencias 44/45/46/48/49 2011	335,12 €
8	GT078/11	1459	Ingeniería Geoloxica y Geofísica, S.L. Estudo Geotécnico paracimentación incluíndo visado	1.699,20 €
9	181/11 <input type="checkbox"/>	1417	RAMON Y OSCAR TUBIO, S.L. Instalación novo armario no Paseo Marítimo de Rianxo no lugar da Torre	5.120,08 € <input type="checkbox"/>
10	1/2010 <input type="checkbox"/>	1420	CARMEN VICENTE TUBIO Aluguer finca para aparcadero na Praia das Cunchas durante os meses do verán 2010	1.204,08 € <input type="checkbox"/>

11	321/09 ☐	1421	POMPAS FUNEBRES EUROPEAS, S.L. Gastos sepelio de Dna. Ignacia Moraes Paula de Rodríguez Lustres por carecer recursos económicos	1.326,10 €☐
12	016/2011 ☐	1422	JSTOP, OBRAS Y SERVICIOS, S.L. Subministro e instalación de valado de 3 m. De altura e 53 m. De largo en pista deportiva Campo da Ponte	1.999,73 €☐
13	Y/1337 ☐	1423	EDUARDO VARELA E HIJOS, S.L. Melloras no alumado do Campo de Fútbol de Vilas	39.007,17 €☐
14	2010/1029	1424	Mª SOLEDAD SANCHEZ SILVA M/Ref. S 2009/950. Contrario: Conservas Miramar, S.L. Ordina- rio Nº 595/2009	308,08 €☐
15	2011-11	2403	Construcciones Oñial, S.L. Pavimentación urb. Entorno do Auditorio	34.864,17 €
16	2011-09	2404	Construcciones Oñial, S.L. Demolición e arranxo terreo urb. Entorno do Auditorio	33.574,34 €
17	2011-11	2405	Construcciones Oñial, S.L. Instalacións urb. Entorno do Auditorio	21.178,94 €

(*) Non se teñen en conta as dúas facturas emitidas por Fotos Pepe (rexistros 1192 e 1193 do rexistro de facturas) porque se lle requiriu para a súa corrección, o 27/07/2011 (RXS 4136) sen que esta se tivera lugar á data actual.

Oitavo.- Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación Local deberá remitirse copia deste informe ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ós da Comunidade Autónoma que, con arranxo á normativa autonómica, teñan competencia na materia.

O Pleno dase por enterado.

4.- SOLICITUDE LINEA ICO PREVISTA NO RDL 8/2011

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Considerando o establecido no artigo 9 do Real Decreto-lei 8/2011, de 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa.

Considerando que nesta Entidade Local existen obrigas recoñecidas, vencidas, líquidas e esixibles pendentes de pago.

Considerando que as citadas obrigacións teñen o seu soporte material en certificacións ou documentos que acreditan a realización total ou parcial do contrato, correspondentes a subministracións, obras ou servizos entregados con anterioridade a 30 de abril de 2011, e reúnen, cando se trata de contratos suxeitos á Lei 30/2007, de 30 outubro, de Contratos do Sector Público, os requisitos esixidos por aquela lexislación.

Considerando que consta a aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2010 mediante Resolución desta Alcaldía nº 324/2011, de data 17/03/2011.

Considerando que se incorpora ao expediente o informe favorable da Intervención da Entidade Local sobre o cumprimento dos requisitos esixidos por esta norma e o informe da Tesouraría da mesma entidade en relación co cumprimento da orde de prelación establecido no artigo 5.2 da presente norma, ambos emitidos a vista da proposta de Alcaldía que de seguido se recolle.

Propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar ao Instituto de Crédito Oficial (ICO) a incorporación do Concello de Rianxo á liña financeira prevista no Real Decreto-lei 8/2011, de 1 de xullo e a autorización para a concertación da operación de endebedamento para a cancelación das obrigas recoñecidas, vencidas, líquidas e esixibles pendentes de pago.

Para o cal se acompaña a seguinte relación identificativa e detallada das 197 certificacións e documentos acreditativos das obrigas pendentes de pago, todas elas obrigas recoñecidas, cuxo cumprimento se pretende con esta liña financeira, que queda unida ao expediente, e que ascende ao importe total líquido de 334.816,92 €, segundo o seguinte detalle:

TIPO IDENTIFICACIÓN	CIF/NIF (AUTÓNOMO /EMPRESA)	NOMBRE Y APELLIDOS O RAZÓN SOCIAL (AUTÓNOMO/EMPRESA)	REFERENCIA A FACTURA	FECHA VENCIMIENTO	IMPORTE FACTURA (IVA / IGIC INCLUIDO)
DNI	76506705B	A Tarabela de Tanxil (Josefa Rial Tubio)	1/2011	22/02/2011	29,10 €
DNI	76506705B	A Tarabela de Tanxil (Josefa Rial Tubio)	3/2011	14/04/2011	72,00 €
DNI	76506705B	A Tarabela de Tanxil (Josefa Rial Tubio)	2/2011	12/04/2011	98,50 €
CIF	A15081557	Almacenes Eladio, S.A.	201100229	11/03/2011	420,00 €
CIF	B15402340	Almacenes Royal, S.L.	2011900598	25/03/2011	92,62 €
CIF	B15425424	ARQO,Arquitectura e Urbanismo, S.L.	50/2011	19/04/2011	2.950,00 €
DNI	78796575R	Arturo Calvo Tarrío	21C11	29/03/2011	7.549,90 €
CIF	B32386625	Axouxeiro Deporte e Animacion, S.L.	AX-013-11	29/04/2011	640,93 €
DNI	44816703F	Cafetería Marisquería A Pontella(Perfecto Gomez Laiño)	1	24/01/2011	309,00 €
CIF	A28279214	Campomarzo, S.A.	FV11/0225	31/03/2011	141,67 €
CIF	B15420623	Casa Isolina, S.L.	003142	19/01/2011	35,00 €
CIF	B15420623	Casa Isolina, S.L.	003287	23/03/2011	79,50 €
CIF	B15420623	Casa Isolina, S.L.	003320	07/04/2011	175,00 €
CIF	A15204449	Comercial Duarte, S.A.	A-37302	31/01/2011	67,85 €
CIF	A15204449	Comercial Duarte, S.A.	A-37686	31/03/2011	15,41 €
CIF	B15448764	Comercial M.Otero, S.L.	FV/19	10/01/2011	21,24 €
CIF	B15079098	Construcciones Oñal, S.L.	2010-13	19/05/2010	123.670,14 €
CIF	B15079098	Construcciones Oñal, S.L.	2010-16	07/06/2010	21.092,23 €
CIF	B15079098	Construcciones Oñal, S.L.	2010-24	30/06/2010	73.987,63 €
CIF	A81982225	Coordindora de Gestion de Ingresos, S.A.	66-11002	26/04/2011	536,04 €
CIF	A36008886	Covsa	2110001	11/01/2011	46,39 €
CIF	A36008886	Covsa	2110096	31/01/2011	44,90 €
CIF	A36008886	Covsa	2110217	28/02/2011	48,10 €
DNI	76468210H	Droguería Cambeses (Luz Divina Rebolledo Fernandez)	205	04/03/2011	10,90 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3833	31/01/2011	8,39 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3836	31/01/2011	6,20 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3835	31/01/2011	15,84 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3829	31/01/2011	38,00 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3831	31/01/2011	31,79 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3839	31/01/2011	153,95 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3828	31/01/2011	200,53 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3834	31/01/2011	9,39 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3837	31/01/2011	268,60 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1205	31/01/2011	764,88 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1204	31/01/2011	32,86 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1246	28/02/2011	375,95 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3947	28/02/2011	24,32 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3940	28/02/2011	22,69 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1245	28/02/2011	116,82 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3948	28/02/2011	169,16 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3944	28/02/2011	173,20 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3938	28/02/2011	12,40 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3939	28/02/2011	7,30 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3949	28/02/2011	217,83 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3943	28/02/2011	115,99 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3942	28/02/2011	28,70 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3941	28/02/2011	102,31 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3946	28/02/2011	8,39 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/4031	31/03/2011	20,60 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/4029	31/03/2011	2,25 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/4026	31/03/2011	198,71 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/4025	31/03/2011	389,88 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/4024	31/03/2011	150,00 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/4023	31/03/2011	35,02 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/4019	31/03/2011	195,00 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/4028	31/03/2011	131,00 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/4027	31/03/2011	12,50 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1289	31/03/2011	32,25 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1287	31/03/2011	1.312,84 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1286	31/03/2011	215,75 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3832	31/01/2011	78,30 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3830	31/01/2011	8,25 €

CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3945	28/02/2011	20,10 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1217	28/02/2011	3.081,92 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1218	28/02/2011	1.543,44 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1219	28/02/2011	4.283,40 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1220	28/02/2011	554,60 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1259	26/03/2011	2.247,90 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1285	31/03/2011	135,70 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1288	31/03/2011	862,58 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1303	04/04/2011	6.525,16 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1304	04/04/2011	1.628,40 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1305	04/04/2011	1.805,40 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	Y/1253	15/03/2011	3.452,68 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3966	15/03/2011	3.698,60 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/3965	15/03/2011	1.538,40 €
CIF	B15639834	E.Varela e Hijos, S.L.	V/4030	31/03/2011	5,99 €
CIF	A15000391	Editorial Compostela (El correo Gallego)	P 101.575	15/03/2011	295,00 €
CIF	A15000391	Editorial Compostela (El correo Gallego)	P 101.464	15/03/2011	295,00 €
CIF	B15162068	Editorial La Capital,S.L.	PV11-250	31/03/2011	826,00 €
CIF	B15045941	Empresa Flora	46/2011	31/03/2011	181,90 €
CIF	A15032725	Equipos de Señalización y Control, S.A.	211.0012	26/01/2011	228,19 €
CIF	B15099963	Felipe Ces, S.L.	11/00404	31/03/2011	81,77 €
CIF	B15099963	Felipe Ces, S.L.	11/00286	28/02/2011	973,56 €
CIF	B15099963	Felipe Ces, S.L.	11/00168	31/01/2011	38,30 €
CIF	B15099963	Felipe Ces, S.L.	11/00285	28/02/2011	28,10 €
CIF	B15884471	Ferros do Barbanza, S.L.	110032	31/01/2011	303,43 €
CIF	B15884471	Ferros do Barbanza, S.L.	110302	31/03/2011	1.508,52 €
CIF	B15413388	Figueira, S.L.	A-110327	15/04/2011	8,78 €
CIF	B15074412	FRIG-BAR S.L.	9903952	27/04/2011	141,60 €
CIF	B15978356	Galicom Comunicaciones	117/11	26/04/2011	829,85 €
CIF	A15064546	Gallega de Mecanizados Electronicos, S.A.	5000386	29/04/2011	1.770,00 €
CIF	B15967912	HALCOURIER- Mensaxeiros do Barbanza, S.L.	558	31/03/2011	149,53 €
CIF	B15110109	Hnos. Cima, S.L.	6	15/02/2011	88,50 €
CIF	B15110109	Hnos. Cima, S.L.	19	05/04/2011	59,00 €
CIF	B15350382	Hormigones de Boiro, S.L.	75	15/02/2011	1.877,90 €
CIF	A08954406	Infosistem	11990267	28/02/2011	1.731,38 €
CIF	F36030559	Iveco-Pegaso Copeyma	1100179	15/02/2011	1.138,11 €
DNI	78780397S	Javier Alcalde García	016914	05/01/2011	213,84 €
DNI	76965558Z	Jose Alberto Miguens Miguens	502	27/04/2011	1.292,10 €
DNI	32591171X	Jose Ramon Infante Calvo (Sistemas de Marcacion Infante Laser)	A/6	05/01/2011	99,23 €
DNI	76484749C	Jose Ramon Lois Simans	N011-11	13/01/2011	24,25 €
DNI	76484749C	Jose Ramon Lois Simans	N067-11	24/02/2011	281,95 €
DNI	76484749C	Jose Ramon Lois Simans	N051-11	15/02/2011	584,31 €
DNI	76484749C	Jose Ramon Lois Simans	N125-11	25/03/2011	92,23 €
DNI	76484749C	Jose Ramon Lois Simans	N143-11	30/03/2011	53,71 €
DNI	76484749C	Jose Ramon Lois Simans	N144-11	30/03/2011	113,95 €
DNI	76484749C	Jose Ramon Lois Simans	N145-11	30/03/2011	48,97 €
DNI	76484749C	Jose Ramon Lois Simans	N146-11	30/03/2011	506,39 €
DNI	76484749C	Jose Ramon Lois Simans	N147-11	30/03/2011	610,06 €
DNI	76484749C	Jose Ramon Lois Simans	N165-11	15/04/2011	8,02 €
DNI	76484749C	Jose Ramon Lois Simans	N164-11	15/04/2011	44,79 €
DNI	76484749C	Jose Ramon Lois Simans	N162-11	15/04/2011	72,12 €
CIF	A15000649	La Voz de Galicia	P11/258	31/01/2011	134,52 €
CIF	A15000649	La Voz de Galicia	P11/3351	31/03/2011	403,56 €
DNI	76513922Y	Mª Angeles Bravo	14	28/01/2011	174,50 €
CIF	G15839947	MªAurora y MªIsabel Ces Tarrío,S.C.	1	30/01/2011	60,00 €
DNI	76970059F	Manuel Anxo Ordóñez Sayans	201100001	31/01/2011	70,60 €
DNI	76970059F	Manuel Anxo Ordóñez Sayans	201100014	01/03/2011	90,76 €
DNI	76970059F	Manuel Anxo Ordóñez Sayans	201100023	31/03/2011	181,54 €
DNI	36047350W	María del Carmen García Vicente	1.707	08/03/2011	1.242,00 €
DNI	76966763T	NEUMÁTICOS PEDRO-Pedro Seco Rañó	A-80	26/01/2011	24,61 €
DNI	76966763T	NEUMÁTICOS PEDRO-Pedro Seco Rañó	A-81	26/01/2011	462,02 €
DNI	76966763T	NEUMÁTICOS PEDRO-Pedro Seco Rañó	A-79	26/01/2011	83,78 €
DNI	76966763T	NEUMÁTICOS PEDRO-Pedro Seco Rañó	A-166	28/02/2011	17,70 €
DNI	76966763T	NEUMÁTICOS PEDRO-Pedro Seco Rañó	A-165	28/02/2011	563,26 €
DNI	76966763T	NEUMÁTICOS PEDRO-Pedro Seco Rañó	A-225	29/03/2011	720,97 €
DNI	76966763T	NEUMÁTICOS PEDRO-Pedro Seco Rañó	A/297	28/04/2011	460,00 €

DNI	76966763T	NEUMÁTICOS PEDRO-Pedro Seco Rañó	A/298	28/04/2011	800,52 €
CIF	B15751548	Novos Vieiros,S.L.	A/13852	12/01/2011	324,54 €
CIF	B36213460	O Piñeiro, S.L.	160	17/03/2011	451,95 €
CIF	B36213460	O Piñeiro, S.L.	193	24/03/2011	408,45 €
CIF	B36213460	O Piñeiro, S.L.	243	06/04/2011	666,00 €
CIF	B36213460	O Piñeiro, S.L.	254	11/04/2011	71,70 €
CIF	B36213460	O Piñeiro, S.L.	334	27/04/2011	110,20 €
CIF	B36213460	O Piñeiro, S.L.	320	24/04/2011	97,75 €
CIF	B15342702	Ofreyco, S.L.	OFFV11/475	31/01/2011	169,86 €
CIF	B15342702	Ofreyco, S.L.	FFV11/1638	31/03/2011	350,86 €
DNI	45680750J	Olalla Garcia de Cortazar Fajardo	A 000331	29/03/2011	34,54 €
DNI	76778491Y	Parrillada O Barbanza(Mª Jose Figueira Perez)	01/0000440	13/04/2011	67,20 €
CIF	B15367592	Pirof.Ricardo Resúa,S.L.	E-07/11	07/01/2011	890,00 €
CIF	B70037213	Pistacatro Productora de Soños, S.L.	A026/2011	05/04/2011	3.650,00 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	611E	01/02/2011	39,00 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	511E	31/01/2011	159,95 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	18/11	01/02/2011	134,52 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	19/11	01/02/2011	42,48 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	17/11	01/02/2011	339,84 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	21/11	01/02/2011	272,26 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	22/11	01/02/2011	227,32 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	23/11	01/02/2011	557,63 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	47/11	11/02/2011	339,84 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	20/11	01/02/2011	303,97 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	5/11	26/01/2011	1.594,65 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	2111E	25/03/2011	21,90 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	106/11	14/04/2011	61,95 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	33/11	01/02/2011	761,15 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	34/11	01/02/2011	1.091,30 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	41/11	11/02/2011	1.323,57 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	42/11	11/02/2011	865,18 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	43/11	11/02/2011	193,07 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	90/11	01/04/2011	584,22 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	91/11	01/04/2011	441,79 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	100/11	04/04/2011	222,45 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	107/11	14/04/2011	199,00 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	108/11	14/04/2011	30,89 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	110/11	14/04/2011	212,40 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	92/11	01/04/2011	5.900,00 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	94-11	01/04/2011	3.846,80 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	96-11	01/04/2011	967,60 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	53/11	25/02/2011	742,14 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	95-11	01/04/2011	3.662,72 €
CIF	B15528284	Ramon y Oscar Tubio, S.L.	93-11	01/04/2011	1.949,36 €
CIF	B15873193	Remuiño Servicios XXI, S.L.	11/167	17/03/2011	63,37 €
CIF	B15873193	Remuiño Servicios XXI, S.L.	11/163	17/03/2011	226,65 €
CIF	B15873193	Remuiño Servicios XXI, S.L.	11/169	17/03/2011	514,93 €
CIF	B15873193	Remuiño Servicios XXI, S.L.	11/170	17/03/2011	160,42 €
CIF	B15873193	Remuiño Servicios XXI, S.L.	11/166	17/03/2011	824,94 €
CIF	B15873193	Remuiño Servicios XXI, S.L.	11/168	17/03/2011	22,31 €
CIF	B15873193	Remuiño Servicios XXI, S.L.	11/160	17/03/2011	766,65 €
CIF	B15873193	Remuiño Servicios XXI, S.L.	11/161	17/03/2011	227,80 €
CIF	B15873193	Remuiño Servicios XXI, S.L.	11/162	17/03/2011	158,10 €
CIF	B15873193	Remuiño Servicios XXI, S.L.	11/164	17/03/2011	204,05 €
CIF	B15873193	Remuiño Servicios XXI, S.L.	11/165	17/03/2011	229,16 €
CIF	B15873193	Remuiño Servicios XXI, S.L.	11/171	17/03/2011	308,66 €
CIF	B15873193	Remuiño Servicios XXI, S.L.	11/172	17/03/2011	222,15 €
CIF	B15873193	Remuiño Servicios XXI, S.L.	11/173	17/03/2011	151,04 €
CIF	B15873193	Remuiño Servicios XXI, S.L.	11/174	17/03/2011	408,36 €
DNI	76488185Y	Restaurante Feliciano (Manuel Rial Carou)	09545	11/02/2011	5,00 €
DNI	76488185Y	Restaurante Feliciano (Manuel Rial Carou)	09547	10/03/2011	55,60 €
CIF	B15475585	Reyni,S.L.	1056	08/02/2011	2.100,00 €
CIF	B36028991	Sagres,S.L. (Partenon)	201100134	07/03/2011	340,08 €
DNI	76496396Y	Talleres Lestido (Andrés Lestido González)	A/88	28/02/2011	74,19 €
DNI	76496396Y	Talleres Lestido (Andrés Lestido González)	A/146	31/03/2011	353,22 €
CIF	B15204373	Talleres Rianxo, S.L.	T 11000343	09/03/2011	319,65 €

CIF	B15204373	Talleres Rianxo, S.L.	T 11000358	11/03/2011	427,21 €
CIF	B36222727	Talleres Santiago Iglesias, S.L.	TA1101550	27/04/2011	425,84 €
CIF	A15081565	Tavigosa-Talleres A. Vigo, S.A.	11/200840	15/04/2011	548,70 €

O criterio de selección de obrigas pendentes de pago correspondentes a subministrados, obras ou servizos entregados con anterioridade ao 30 de abril de 2011, foi a inclusión das débedas pendentes de pago contraídas con empresas e autónomos correspondentes ao exercicio 2011 que cumpren cos requisitos do Real Decreto-lei 8/2011, de 1 de xullo.

Segundo.- Remitir toda a documentación necesaria ao Instituto de Crédito Oficial aos efectos oportunos.

Terceiro.- Facultar ao Alcalde para a firma de cantos documentos sexan precisos na execución do presente acordo.

Cuarto.- Delegar no Alcalde a concertación da operación de crédito por importe de 334.816,92 €, así como a formalización da operación financeira correspondente coa entidade de crédito La Caixa, no caso de que o Instituto de Crédito Oficial (ICO) acepte a inclusión deste Concello na liña financeira prevista no Real Decreto-lei 8/2011, de 1 de xullo, e autorice a concertación da operación de endebedamento para a cancelación das obrigacións recoñecidas, vencidas, líquidas e esixibles pendentes de pago.>>

Incorporada nota informativa de Secretaria en relación aos datos do certificado a emitir.

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 21/11/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

O Alcalde intervén para engadir que é unha liña aberta á que están adheríndose bastantes concellos en Galicia (Chantada, Vilagarcía..)

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.^a M^a Vanesa Martínez Duran, di que cando se trataron os orzamentos xa dixera o PP que eran irrealis e agora reafirmas cando ve estas 197 facturas de principios de ano, e así o recolle o informe de intervención. No obstante, débese pagar xa que é xusto que para iso traballan as empresas, mais o indecente e que aínda hai outras 600 facturas!. E falando de facturas solicita lle expliquen a factura nº 3 expedida pola Joyería Bravo, ou comidas en restaurantes... Está visto que aquí vese a existencia de facturas que negou o Sr. Gey en plenos anteriores.

O Alcalde pásalle a palabra ao concelleiro D. José Carlos Gey Hermo.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que lle respostará do gasto dos 56€ que se fixeron na xoería.

M^a Vanesa Martínez Duran dille que é unha cesta de prata.

José Carlos Gey Hermo di que xa está el agora no uso da palabra, e que ve que a concelleira do PP daq moita importancia a ese importe, que sería algo protocolario. En calquera caso é unha minudencia entre as facturas presentadas xa que hainas de importes de grandes empresas e algunha tan importante como as de 123.670,14€ correspondente ao

edificio administrativo que se fixo. O importante é pagalas, que non haxa enriquecemento inxusto. Con esta liña haberá un prazo de 3 anos para facer fronte ás facturas.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que é unha liña que permite facer fronte a eses gastos feitos polas empresas e algúns respostan a pagos de gastos subvencionados e soamente abonandoas antes a Xunta de Galicia ou outras Administracións Públicas transferiran ao concello as ditas achegas.

Nun segundo turno de intervencións, M^a Vanesa Martínez Duran di que non sabe a que se refire o voceiro do PSOE ao aludir a facturas de grandes empresas. Ela está falando de facturas de pequenas empresas que precisen se lles pague canto antes: comidas en restaurantes da Brigada de Obras, dos “alemanes”, ou mercas en Axouxere. Refírese ao pago de facturas de comerciantes deste pobo aos que se lles deben eses cartos.

Jose Carlos Gey Hermo di que si a concelleira está de acordo non faga esa exposición ante este público. A intención única desta liña é axilizar a xestión para pagadas e da a sensación que por vostede non se pagaría.

Vanesa Martinez dille que o seu grupo non dixo que votaría en contra.

O Alcalde di que unha das comidas e a dos rapaces alemanes que veñen aquí por unha liña de convenio social pola que non perciben ningunha remuneración e o único que se fai e invitarlles a algunha comida ou agasallo. Adianta que tamén haberá algún gasto protocolario, sexa un xantar ou un presente, incluso con ocasión da visita dalgún cargo da Administración que puidera vir ao noso concello. Estase a falar tamén de comidas cos membros das brigadas de obras que prestan unha axuda e dispoñibilidade importante nas Festas da Guadalupe.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e os 5 do PSOE-PSdeG), 0 votos en contra, e 6 abstencións (as 6 dos membros do PP), dos 17 concelleiros presentes que son os 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta./

5.- ELEVACIÓN DE PORCENTAXES PREVISTOS NO ARTIGO 174.3 DO TRLRFL PARA ADOPTAR COMPROMISOS PLURIANUAIS DE GASTO POR CONCESIÓN DE ACHEGAS RESPECTO DA ARI

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Asunto: Elevación de porcentaxes previstos no artigo 174.3 do TRLRFL para adoptar compromisos plurianuais de gasto por concesións de achegas para a rehabilitación de vivendas e edificios e os seus elementos comúns, cuxa finalidade é favorecer o acceso dos cidadáns á vivenda, estimulando a rehabilitación integral dos núcleos de Rianxo, Fincheira e Rianxiño.

A vista do “Acordo da Comisión bilateral celebrada o 29 de abril de 2011, relativa ó área de rehabilitación integral dos núcleos de Rianxo, Fincheira e Rianxiño en Rianxo (A Coruña), 3ª fase, na comunidade autónoma de Galicia. Plan vivenda 2009-2012. Período 2010” que no acordo segundo, denominado achegas económicas, fai a seguinte distribución dos compromisos de financiar as actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas, urbanización, compromisos que se farán efectivos ao particulares a través da concesión de achegas polo Concello de Rianxo:

Ano	Mº de Fomento	IGVS	TOTAL
2012	27.500,00 €	27.500,00 €	55.000,00 €
2013	27.500,00 €	27.500,00 €	55.000,00 €

Sendo que procede levar a cabo os trámites necesarios para a concesión de achegas que se resolverá no exercicio 2012 e 2013, de acordo coas bases de convocatoria pública, anticipada e plurianual de achegas para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rehabilitación integrada nos núcleos de Rianxo, Fincheira e Rianxiño (3ª FASE), aprobada por acordo da Xunta de Goberno de data 08/11/2011.

Sendo que de acordo co previsto no art. 174.3 do TRLRFL, nos casos ós que se refire o art. 174.2.a) (investimentos e transferencias de capital) o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ó crédito correspondente do ano en que a operación se comprometeu, as porcentaxes que se recollen no devandito artigo (70%, no exercicio inmediato seguinte, 60%, no segundo exercicio e 50% no terceiro e cuarto).

Sendo que as anualidades previstas no do "Acordo da Comisión bilateral celebrada o 29 de abril de 2011, relativa ó área de rehabilitación integral dos núcleos de Rianxo, Fincheira e Rianxiño en Rianxo (A Coruña), 3ª fase, na comunidade autónoma de Galicia. Plan vivenda 2009-2012. Período 2010" superan os límites que recolle o citado art. 174.3, no que se refire ás porcentaxes a aplicar é necesario elevar estes porcentaxes para cando corresponda adoptar os acordos de concesión de subvención.

En virtude do exposto, e de conformidade co previsto no artigo 174.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propónse ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Único.- Elevar as porcentaxes que serían aplicables como límite de compromiso de gasto segundo o disposto no art. 173.3 do TRLRFL, quedando fixado o importe permitido para comprometer gasto en cada unha das anualidades en concepto de achegas para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rehabilitación integrada nos núcleos de Rianxo, Fincheira e Rianxiño (Fase 3ª) , segundo o seguinte desglose:

Ano	TOTAL
2012	55.000,00 €
2013	55.000,00 €

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 21/11/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.ª Mª Vanesa Martínez Duran, di que van a absterse xa que non participaron no acordo bilateral de 29/04/2011.

O Alcalde pásalle a palabra ao concelleiro D. José Carlos Gey Hermo.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que a van a aprobar xa que son un importe de axudas de 110.000€ importantes para o desenvolvemento do dito programa distribuídas en dúas anualidades en iguais importes de 27.500€ por cada entidade pública e en cada ano.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que a apoian por ser precisa para a execución do programa.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 11 concelleiros (os 6 do BNG e os 5 do PSOE-PSdeG), 0 votos en contra, e 6 abstencións (as 6 dos membros do PP), dos 17 concelleiros presentes que son os 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta./

6.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar o turno de rogos e preguntas, **a Presidencia pregunta se hai mocións.**

Unha vez sexa mencionada a moción polo grupo propoñente, someterase previamente a declaración de urxencia, e de acadar a mesma por maioría absoluta do número legal de membros que conforman a corporación, procederase ao debate e posterior acordo.

Non se presenta moción ningunha.

7.- ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS NO PLENO ANTERIOR

Primeiro o **Alcalde** di que vai a responder aos presentados no pleno anterior:

- Respecto da pregunta de se paga o concello os seguros das instalacións, cómpre dicir que dispoñen de seguro as instalacións deportivas, os vehículos, de responsabilidade civil para posibles percances con terceiros...

ROGOS E PREGUNTAS NOVOS

Mª Vanesa Martínez Duran, concelleira do PP, formula os seguintes:

Rogos:

- *R.1. Na parroquia de Araño hai varios lugares onde se podían expoñer os bandos: preto da igrexa, no tablón...*

O Alcalde di que colócanse nos lugares habituais pero incorporaranse entón novos.

- *R.2. Que fale coas compañías para instalar o ADSL no rural, e así vexan que se preocupan do tema.*

O Alcalde di que hai unha proposta que se vai trasladar ás compañías telefónicas e que podería contar con fondos europeos que recibe a Xunta de Galicia.

- *R.3. Que cos cartos do POS (do que recibiu un email para que o PP propuxera algunha obra, non se comentou nada na Comisión Informativa), prégase que no Araño- Buhía se execute unha pista polideportiva xa que a outra da Capela non se pode usar por mor das obras do Centro Socio cultural do Araño. Di que o poden meter polo rexistro municipal ou se fai constar en ata.*

O Alcalde di que haberá reunión extraordinaria para o vindeiro martes pero aproveitando que hai veciños do Araño agora quere sinalar que a prioridade son obras de saneamento antes que pistas polideportivas, se fora posible o do Araño sería a primeira. Este anos foi mostra das necesidades de abastecemento e saneamento que teñen as parroquias, pois este verán os pozos secáronse. Cando a situación económica se solvente, rematarase o Centro sociocultural e farase a pista polideportiva do Araño. O outro día o PP preguntou polas obras que pediran os veciños do Castriño, e esas obras consumen todos os cartos dos

que se dispón neste POS, son 126.000€ do total, o resto sería para afrontar os gastos correntes municipais.

Preguntas:

- *P.1. Se se van facer actividades nas parroquias (como contacontos...)*
- *P.2. Cando se vai a poñer a marquesina na Capela (única parada do autobús nese lugar)*

O Alcalde di que xa está mirada unha para colocar.

- *P.3. Os cortes na parroquia de Rial-Leiro quedaron mal asfaltados ¿ van arranxalos?*

O Alcalde di que se lle trasladou dita queixa á Deputación, pero din que antes teñen que rematar a obra.

- *P.4. Cando van tapar o burato que hai en Leiro e do que xa fixeran rogos noutros plenos.*

- *P.5. O cruce do muelle de Leiro non está sellado e hai correntes, poderíase facer?*

- *P.6. En Brión hai farolas apagadas e non sabe si é un apagado intencionado ou é unha avaría.*

O Alcalde di que non foi a propósito, trasladouse unha empresa para arranxalo. Tense que facer un estudo das necesidades reais en zonas menos transitadas.

M^a Nieves Vicente Varela, concelleira do PP, formula as seguintes preguntas:

- *P. 7. Ten contestación ao rogo da gasoleira en Araño polo tema das liñas discontinuas e os pasos de peatóns?*

O Alcalde di que falou cos técnicos polo repintado de liñas de pasos de ceбра dos que se borraron da estrada AC 305, e a resposta foi negativa porque o volume de paso din que é pequeno para poñer un paso de peóns. Non está conforme coa resposta e non sabe se quizais ir a instancias superiores. Isto é aplicable para a gasoleira. Como non son vías municipais non se poden pintar polo concello. Insistirán nos pasos de ceбра e eliminar as liñas continuas das gasoleiras.

- *P.8. O primeiro autobús a Santiago que chega as 08:30 alí seica o van anular dende a ponte de decembro (repartindo 2 días por Leiro e 2 por Araño), así que non chegaría a Santiago ata as 09:00 horas, sabe algo de isto?*

O Alcalde di que hai unha solicitude da empresa Arriva que fixo á súa vez unha petición á D.X. Transportes cunha parada directa na ronda de Té para traballadores e estudantes, e estan pendentes de recibir contestación. Serían 5 de ida e 4 de volta.

O resto das preguntas as respostará no seguinte pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:50 HORAS, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 20:58 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde.

A Secretaria.

Adolfo Muños Sánchez

Carolina Costoya Pardo